



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Viveiro, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que o Concello de Viveiro, con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller traballadora, pretende convocar a través da Delegación de Muller e do Centro de Información ás Mulleres, o seguinte concurso:

- **IX CONCURSO DE FOTOGRAFÍA AMATEUR “TRABALLOS E MULLERES”**

Bases para o concurso de fotografía amateur “Traballos e mulleres”

Tendo en conta que dito concurso rexerese polas seguintes BASES:

1ª.- O concurso estará aberto a fotógrafos/as afeccionados, non profesionais, que desexen participar e sexan maiores de idade.

2ª.- As obras deberán ser orixinais. Non se aceptarán reproducións nin obras que amosen lendas ou marcas que podan interpretarse, a xuízo do xurado, como publicidade.

3ª.- O tema das fotografías deber ser a Muller e o Traballo en calquera ámbito (público ou privado), para visibilizar o papel feminino en todos os sectores da nosa sociedade.

4ª.- Presentación de UNHA OBRA por persoa participante, CON UN TÍTULO DESCRIPTIVO, en formato dixital, O tamaño permitido é de 10 Mb aínda que o máis recomendable é que non supere os 2 Mb.

5ª.-. As obras deberán presentarse nun sobre consignando no seu exterior “Concurso de fotografía Traballos e Mulleres”, acompañado da seguinte documentación: ficha de autoría cos datos persoais do autor ou autora (nome completo, DNI, dirección e teléfono) en sobre pechado, e un PEN ou CD que conteña as imaxes dixitais

6ª.- Os traballos deberán presentarse ou dirixirse ao Centro de Información ás Mulleres de Viveiro (Avda. Cervantes S/N – Claustros San Francisco. 27850 VIVEIRO)

*7ª.- O prazo de recepción de orixinais no CIM empezará a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e finalizará o **26 de febreiro de 2024***





8ª.- *Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) o Concello de Viveiro montará unha Exposición coas obras presentadas e, no momento da clausura de dita Exposición, darase a coñecer a obra gañadora*

9ª.- *Os premios correspondentes ás obras gañadoras serán*

- 1º premio: 300 €
- 2º premio: 150 €
- 3º premio: 100 €

10ª.- *O xurado estará composto por un grupo de persoas relacionadas coa área de cultura e profesionais da fotografía, que valorarán os traballos presentados, tendo en conta a calidade artística dos mesmos, para outorgar os premios.*

11ª.- *As imaxes participantes quedarán en propiedade do Concello de Viveiro. As persoas participantes autorizan ao Concello de Viveiro para a exposición, publicación e difusión das súas obras (sempre mencionando ao autor/a), sen limitacións temporais, xeográficas ou de medios.*

12ª.- *Os/as autores/as deberán contar coa autorización das persoas fotografadas, así como dos dereitos de terceiros. A organización declina toda responsabilidade que puidera derivar da non obtención dos permisos e autorizacións correspondentes.*

13ª.- *A organización reservarase o dereito de facer as modificacións oportunas que poidan contribuír ao mellor desenvolvemento do concurso.*

14ª.- *A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, das decisións do xurado, e a renuncia a calquera reclamación. O xurado poderá deixar deserto o premio se o considerase oportuno.*





RESOLVO

1. Aprobar as Bases do Concurso de Fotografía Amateur “Traballos e Mulleres”
2. Ordenar a publicación das citadas bases para o ano 2024 no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Viveiro así como no perfil de Facebook habilitado ao efecto para a votación no concurso.

Viveiro, na data que consta á marxe

A Alcaldesa

Asdo.: María Loureiro García.

A Secretaria Xeral

Asdo.: María Luz Balsa Rábade.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

